



# XUVENTUDE MENTORING

## CONVOCATORIA '22

### Que?

Xuventude Mentoring é un programa integral de formación e mentoring destinado a persoas mozas tituladas e inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Trátase dun programa pioneiro promovido pola Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia e o Cixug, en colaboración coas tres universidades galegas, e cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

### Por que?

Porque queremos favorecer a transición á vida laboral das persoas mozas con estudos de grao ou de formación profesional.

O programa está destinado á mellora das habilidades e competencias para a busca de emprego, tanto por conta propia como por conta allea, a través de accións formativas, actividades de networking e dunha rede de persoas mentoras procedentes do empresariado galego, que ofrecerán asesoramento e apoio.

## Como?

A través das seguintes accións:

1. **Traballo con persoas mentoras:** apoio para a inserción laboral por conta propia ou allea, a través dunha persoa mentora, que será un profesional con experiencia no sector económico do teu interese.
2. **Actividades formativas:** de maneira presencial. semipresencial ou en liña, dirixidas a desenvolver habilidades e competencias clave para o teu futuro desenvolvemento profesional.
3. **Asistencia a eventos e visitas a empresas** destinadas a mellorar a empregabilidade e establecer unha rede de contactos (networking).
4. **Seguimento e asesoramento continuado** por parte do equipo especializado do programa.

## Para?

As persoas destinatarias do programa deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter rematados os estudos universitarios ou de formación profesional nunha universidade ou centro de estudos galego. Para o caso de persoas emigrantes retornadas poderán ter rematado os estudos fóra de Galicia, sempre e cando os teñan correctamente homologados.
- Estar inscritas e ser beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX) no ámbito da comunidade autónoma de Galicia no momento de iniciar as accións do programa.
- Ter máis de 18 e menos de 30 anos e 4 meses.

## Cando?

Aberta a convocatoria da II Edición ata o 14 de setembro de 2022

INSCRÍBETE XA EN  
[xuventudementing.gal](http://xuventudementing.gal)



## Edición anterior

146

persoas mentoras

49

horas de formación en habilidades e competencias

12

xornadas de networking e visitas a empresas

58%

dos/as participantes está traballando ou completando formación